



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 15 DE XUÑO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00031703V.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de contratación/subvencións.

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local declaran:

Expediente: 2022/31596W.

Encargo á Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras M.P., S.L. (UNINOVA) para a posta en marcha e seguimento do proxecto “Plataforma loxística de distribución de mercancías no centro histórico de Santiago de Compostela” Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

3. Aprobación do encargo medios propios a UNINOVA para a posta en marcha e seguimento do proxecto Plataforma loxística de distribución de mercancías no centro histórico de Santiago de Compostela, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiada polo Ministerio de Transporte, Movilidade e Axenda Urbana mediante o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU.

Acórdase:

Primeiro.- Encargarlle á Sociedade de Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, SL, (UNINOVA), en tanto que medio propio deste concello, a creación dun gabinete técnico de xestión integral para a prestación dos servizos necesarios para a posta en marcha e seguimento do proxecto Plataforma loxística de distribución de mercancías no centro histórico de Santiago de Compostela, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiada polo Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana (MITMA) mediante o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU.

O obxecto deste encargo abrangue as seguintes prestacións:

1. Asistencia á recomplicación e análise de datos análise de demanda e necesidades.
2. Proceso de participación e sensibilización social e difusión do proxecto O encargo que é de obrigado cumprimento para UNINOVA realizarse de acordo cos requisitos e condicións sinalados nos antecedentes desta resolución e coas instrucións que o concello lle dea a UNINOVA.

Segundo. **Autorizar un orzamento máximo para este encargo de 469.542,43 €.**

a) Importes que corresponden ás prestacións a executar directamente por UNINOVA: 275.942 euros (sen IVE)

b) Importes máximos que corresponden a prestacións que poden ser obxecto de subcontratación: 193.600 euros (con IVE).

O expediente tramítase como anticipado de gasto de aí que a eficacia deste encargo quede sometido á condición suspensiva ata a consignación efectiva de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste encargo. O levantamento da suspensión efectuarase por acordo da Xunta de Goberno local desta cidade.

Respecto do gasto de exercicios futuros terase en conta o previsto na normativa orzamentaria de aplicación para os gastos plurianuais (artigo 174.2º.a do TRLHL) nos respectivos exercicios orzamentarios quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigneno orzamento.

Terceiro. Establecer un prazo de execución da prestación de 38 meses que se estenderá desde que se notifique o acordo de adxudicación co levantamento da condición suspensiva ata seis meses despois da finalización do proxecto, estando prevista a súa finalización o 21/12/2024.

Respecto da prórroga estarase ao disposto na convocatoria da axuda.

Cuarto.- En todas as actuacións que se executen no marco deste encargo incluírase: a. Tanto no seu encabezado como no seu corpo de desenvolvemento a referencia “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”. Deberán

exhibir de forma correcta e destacada o emblema da UE coa declaración “financiado pola UE – NextGenerationEU”, e incluír o logo do NG-UE e PRTR, dispoñibles no enlace:

<https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>

b. O número de identificación do contrato na PLACSP ou de convocatoria da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) na fase de gasto na que dita información estea dispoñible.

c. As declaracións responsables que se establecen no Anexo IV da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

As actuacións que se realicen estarán en todo caso suxeitas ás obrigas en materia de comunicación; controis da Comisión Europea, a Oficina de Loita Antifraude, o Tribunal de Contas Europeo e a Fiscalía Europea e o dereito destes órganos ao acceso á información sobre o contrato, en especial para evitar o fraude, o favoritismo, a corrupción e a dobre financiación; así como as normas sobre conservación da documentación, de acordo co disposto no artigo 132 do Regulamento Financeiro da Unión Europea.

Quinto.- Ordenar a publicación da formalización deste encargo no perfil do contratante ao que se accede a través da Plataforma de Contratación do Estado.

Sexto.- De conformidade co previsto no artigo 44.1 e 2 e) da LCSP, poderase interpoñer contra este acordo recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, previo á interposición do recurso Contencioso Administrativo, no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel en que se publique a formalización deste acordo no perfil do contratante ao abeiro do artigo 50 da LCSP.

O recurso especial en materia de contratación é potestativo e gratuíto para os recurrentes.

Non obstante, de non de presentarse contra a formalización deste acordo recurso especial en materia de contratación, poderá impugnarse directamente mediante a interposición do recurso contencioso-administrativo de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

4. Corrección de erros materiais no acordo de 29.12.21, de Adxudicación do contrato de Execución do proxecto de “Mellora dos accesos peonís cara aos centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)”.

Acórdase proceder a corrección de erro material no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 29 de decembro de 2021 polo que se aproba a adxudicación do contrato denominado **Execución do proxecto de “Mellora dos accesos peonís cara aos centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)** de xeito que:

Onde dí:

“Terceiro.- Adxudicar o contrato de Execución do proxecto de “Mellora dos accesos peonís cara aos centros educativos de Lamas de Abade (FASE I) a favor de JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL, por un importe de 85.000 euros (IVE aparte 21%: 17.850 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Esta empresa compromete:

a.1) A adscrición como xefe/a de obra dun/ha técnico/a titulado/a superior (arquitecto/a ou enxeñeiro/a de camiños). A adscrición do xefe/a de obra con dedicación 100% da súa xornada laboral.

a.2.) Técnicos adicionais: Topógrafo ou Xeólogo A adscrición de persoal técnico adicional. Dous (2) técnicos/as.

Medios materiais. Esta empresa compromete a posta a disposición do Concello dunha caseta ou espazo habilitado con medios informáticos e sala de reunións acondicionada con cabida para dez persoas.

MELLORAS. Esta empresa compromete:

- Unha ampliación do prazo de garantía por un período de 5 anos, sobre o mínimo establecido no prego.

- Un aumento do rozamento de control de calidade dun 2% sobre o 1% obrigatorio.

- Un aumento do orzamento do programa de actuación ambiental dun 2% sobre o proxectado

Designase como responsable do contrato ao Director Facultativo da obra conforme ao establecido no artigo 62.2 da LCSP, a unidade de seguimento ordinaria do contrato e ao servizo de Proxectos e Obras.

Cuarto.- Comprometer un gasto por importe de 102.850 euros para financiar este contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 040 32000 6190000 2017 2 PEOOP 39 1.”

Debe dicir:

“Terceiro.- Adxudicar o contrato de Execución do proxecto de “Mellora dos accesos peonís cara aos centros educativos de Lamas de Abade (FASE I) a favor de JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL, por un importe de **85.500,00** euros (IVE aparte 21%: **17.955** euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Esta empresa compromete:

a.1) A adscrición como xefe/a de obra dun/ha técnico/a titulado/a superior (arquitecto/a ou enxeñeiro/a de camiños). A adscrición do xefe/a de obra con dedicación 100% da súa xornada laboral.

a.2.) Técnicos adicionais: Topógrafo ou Xeólogo A adscrición de persoal técnico adicional. Dous (2) técnicos/as.

Medios materiais. Esta empresa compromete a posta a disposición do Concello dunha caseta ou espazo habilitado con medios informáticos e sala de reunións acondicionada con cabida para dez persoas.

MELLORAS. Esta empresa compromete:

- Unha ampliación do prazo de garantía por un período de 5 anos, sobre o mínimo establecido no prego.

- Un aumento do rozamento de control de calidade dun 2% sobre o 1% obrigatorio.

- Un aumento do orzamento do programa de actuación ambiental dun 2% sobre o proxectado

Desígnase como responsable do contrato ao Director Facultativo da obra conforme ao establecido no artigo 62.2 da LCSP, a unidade de seguimento ordinaria do contrato e ao servizo de Proxectos e Obras.

Cuarto.- Comprometer un gasto por importe de **103.455,00** euros para financiar este contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 040 32000 6190000 2017 2 PEOOP 39 1.”

5. Adxudicación do contrato de “Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das FESTAS APÓSTOLO 2022” á empresa PIROTECNIA RICARDO CABALLER.S.A.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto o “Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das FESTAS APÓSTOLO 2022” á empresa PIROTECNIA RICARDO CABALLER.S.A., por un importe total de 268.620,00 euros (Base imponible: 222.000,00 euros, IVE do 21%: 46620,00 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Segundo: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 060 22022004045 2022 2022 3 FOGOS 22 1 FOGOS DO APÓSTOLO 2022, conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2022: **268.620,00 euros.**

6. Aprobación do procedemento de concorrência para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería “Bonos Corazón Compostela- Praza de Abastos” e aprobación do convenio de colaboración a asinar entre o Concello e a entidade colaboradora seleccionada.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concorrência para a selección da entidade colaboradora para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da Praza de Abastos, a través dos bonos Corazón Compostela- Praza de Abastos.

Segundo.- Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a entidade colaboradora seleccionada para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da Praza de Abastos, a través dos bonos Corazón Compostela- Praza de Abastos.

Terceiro.- Aprobación do gasto de 6.678,64 euros en concepto de compensación económica á entidade colaboradora seleccionada que se sufragará con cargo á aplicación 010 43100 2269900.